

# **ENTROIDO 2022 – CARRAL**

## **(DOMINGO 27 DE FEBREIRO)**

O Concello de Carral celebrará o Entroido no Campo da Feira o **domingo 27 de febreiro**. De 16:00 h. a 18:00 h. realizaranse, na carpa ubicada no Campo da Feira, diferentes obradoiros relacionados co Entroido. Ás 18:15 h. comezará o desfile de todas e todos os participantes nos diferentes concursos, partindo do Campo da Feira e rematando no mesmo (Campo da Feira, Rúa Víctor Velasco, Rúa Manuel Ferrol, Rúa Paraíso, Avenida dos Mártires, Rúa Víctor Velasco e Campo da Feira) .



A avaliación e valoracións do xurado serán durante o desfile. Para o desfile organizaranse os participantes por categorías. Ao remate do desfile reunirase o xurado para a súa deliberación e posteriormente, notificaranse todos os premiados.

Ademáis contaremos cunha charanga que amenizará a tarde entroideira.

### **Os concursos rexeranse polas seguintes bases:**

- **CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES**

- Dirixido a nenos e nenas de 0 a 12 anos de idade.
- Habrá unha categoría única (disfraces individual e grupos).
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- Os participantes deberán participar no desfile para ser valorados polo xurado.
- Premiaranse os cinco mellores disfraces con premios consistentes en agasallos.
- O prazo de inscrición será dende o luns 14 de febreiro ao venres 25 de febreiro (ata as 12:00).
- As inscricións faranse na Casa da Cultura (Mañás de 08:30 a 14:30 e Tardes de 17:00 a 20:00), ben presencialmente, por teléfono (981.672.580) ou correo electrónico ([casadacultura@carral.es](mailto:casadacultura@carral.es)).
- Para as inscricións deberánse aportar os seguintes datos: nome e apelidos de quen participa, nome do disfraz, data de nacemento, e datos do pai, nai ou titor (nome, apelidos, DNI e teléfono).

## ● CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAIS E POR PARELLAS

- Dirixido a maiores de 13 anos de idade.
- Haberá dúas categorías, individual e por parellas.
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- Os participantes deberán participar no desfile para ser valorados polo xurado.
- Premiaranse os tres mellores disfraces de cada categoría, cos seguintes premios:
  - 1º premio: 150 €
  - 2º premio: 100 €
  - 3º premio: 50 €
- O prazo de inscrición será dende o luns 14 de febreiro ao venres 25 de febreiro (ata as 12:00).
- As inscricións faranse na Casa da Cultura (Mañás de 08:30 a 14:30 e Tardes de 17:00 a 20:00), ben presencialmente, por teléfono (981.672.580) ou correo electrónico ([casadacultura@carral.es](mailto:casadacultura@carral.es)).
- Para as inscricións deberanse aportar os seguintes datos: nome, apelidos e DNI de quen participa, nome do disfraz, data de nacemento e teléfono. No caso das parellas, inscribíranse cos datos dun dos participantes.

## ● CONCURSO DE DISFRACES DE GRUPOS

- Dirixido a grupos de calquera idade, formados por un mínimo de 5 persoas.
- Haberá unha categoría única.
- Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
- Premiaranse aos tres mellores grupos cos seguintes premios:
  - 1º premio: 500 €
  - 2º premio: 300 €
  - 3º premio: 200 €
- O prazo de inscrición será dende o luns 14 de febreiro ao venres 25 de febreiro (ata as 12:00).
- As inscricións faranse na Casa da Cultura (Mañás de 08:30 a 14:30 e Tardes de 17:00 a 20:00), ben presencialmente, por teléfono (981.672.580) ou correo electrónico ([casadacultura@carral.es](mailto:casadacultura@carral.es)).
- Para as inscricións deberanse aportar os seguintes datos: nome do grupo, nome, apelidos, DNI e teléfono de quen a representa e teléfono doutro membro do grupo. No caso de contar con carroza, deberá indicar as características básicas: medidas, se está motorizada, se é un remolque arrastrado por vehículo a motor...
- O representante do grupo debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfile co mesmo.

O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

O Concello de Carral irá informando a través da súa web e da páxina de Facebook, das novidades no programa do Entroido, así como de calquera incidencia ou novidade de interese.